



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

- Pódollo contar. Está?

Era un matrimonio, que tiña unha filla, e un matrimonio, o vello era como a Virghen do puño, no, non. Entráballe perra na casa e non a soltaba. Entonces a filla tiña un mozo e tratou de casare, e díxolle o vello, díxolle a seu pai:

- Ouiche, ou, oeu. O meu mozo quérese casar comigo.

Díxolle él:

- Ui! Ese home non sirve pa meu xenro.

Dice:

- E por qué papá?
- Porque é mui ghashador. Vai á taberna e fume e eu non quero xente desa na miña casa. Tamén eu apreto todo o que podó.

E o home taba detrás do lume, con dúas achiñas na lousa, a lus do ghas apaghada, pa aforrar. E entonces a moza díxolle ó mozo, díxolle que:

- Mira, díxenllo a meu pai, pero non quere saber nada.

Dixo él:

- Bueno, pois se é por eso quítome de fumar e quítome de ir á taberna.

E entonces, foi alí unhas cuantas veces e, non fumaban alí, fumaría noutro sitio pero alí non fumaba e procuraba que no viran ir pa taberna.. E un día estaba ca moza no fondo da cociña e o vello taba detrás do lume cas achiñas acheghadas e a penas se vía nada. E entonces nun momento que encenderon un pouco as achas e vello mirou pó fondo da cociña e veu ó mozo en calzoncillos. O home quedou así medio tal, pero cando marchou o mozo díxolle á filla:

- Ouiches, eu cando se encendeu algo o lume vin, o mozo en calzoncillos.

Díxolle ela:

- Ai sí, papá, estaba, porque quitou o pantalón pa no ghashare.

Dixo el:

- Ai entonces vale pa meu xenro.